



**DECRETO**

**Expte.: 2019/EGFAB/000188**

No artigo 28º.10 das bases de execución do orzamento para o presente ano, entre outras, prévese a concesión dunha subvención nominativa á UNED para gastos de funcionamento.

Con data 19 de novembro e núm. de rexistro de entrada 2020016258 recibíuse no Concello escrito do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED A Coruña, mediante o que solicitan a aportación anual.

Xunto coa solicitude, aportou certificado de que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Foi comprobado que a entidade non é debedora deste Concello por calquera concepto non tributario.

En data 28 de decembro de 2020 foi emitido informe-proposta polo Pedagogo Municipal onde se propón a concesión solicitada.

Visto o informe emitido pola Asesora Xurídica da Área Cultura, Ensino, Deportes, Formación, Emprego, Xuventude e Normalización Lingüística de 22 de decembro de 2020.

Visto o informe favorable emitido polo Interventor accidental en data 29 de decembro de 2020.

Considerando que de acordo co disposto no artigo 6, apartado a) das Bases reguladoras da concesión de subvencións e axudas e no artigo 28º.10 das mesmas, e que forman parte das Bases de Execución do Orzamento para 2020, a Alcaldía é o órgano competente para a concesión,

**RESOLVO:**

**1º.-** Autorizar e dispor un gasto de 1.000,00 euros para facer fronte á subvención que se sinala no punto seguinte, con cargo á aplicación orzamentaria 82.3260.42390.

**2º.-** Conceder ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED A Coruña, con C.I.F.: Q1500424E, con enderezo na Rúa Educación, nº 3 – 15011 A CORUÑA, a cantidade de 1.000,00 euros (mil euros), en concepto de achega para gastos de funcionamento para o ano 2020.

**3º.-** Que se proceda ao pagamento da cantidade concedida.

**4º.-** A entidade deberá achegar no prazo de 30 días dende que se efectúe o pagamento a seguinte documentación:

- ✓ Certificado expedido polo Secretario da mesma co visto e prace do Presidente, que os fondos foron destinados ao fin para o que son concedidos.





- ✓ Declaración responsable do representante de que o importe da axuda, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado.
- ✓ Declaración responsable do representante de que a colaboración do Concello de Oleiros foi publicada na páxina web da entidade beneficiaria.

**5º.-** Notificar o contido do presente acordo ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED A Coruña.

**6º.-** Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

*En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).*

